


reganosa

Código ético e de conduta

reganosa



Introducción

Os valores de Reganosa son coñecidos, asumidos e seguidos por todo o persoal e polos colaboradores externos, para garantir a súa integridade en todas as operacións. Co obxectivo de ir máis aló, queremos compartir estes valores co conxunto dos nosos grupos de interese, para o que formulamos este Código Ético e de Conduta, que recolle os principios e valores que nos guiaron ao longo de estes anos e adáptase ás novas demandas sociais e de xestión corporativa.

A publicación do Código Ético e de Conduta constitúe un fito importante de transparencia con todos os grupos de interese, así como de promoción de boas prácticas de xestión entre as empresas do noso sector e na nosa cadea de subministración. Este impulso debe facilitar o avance de todos cara a un modelo de respecto e desenvolvemento equilibrado entre os ámbitos social, ambiental e económico, que sexa beneficioso para a sociedade.

Os principios e valores que configuran este Código foron desenvolvidos e promovidos polo Consello de Administración. O equipo directivo e os traballadores de Reganosa son elementos clave nos que se apoian e desenvolven estes valores, e tamén son quen os promoven entre provedores, clientes e demais grupos de interese. A empresa comprométese a facilitar os medios adecuados para que o contido deste Código sexa coñecido, comprendido, implantado e respectado por todos os membros da compañía. Así mesmo, estes valores son extensivos á nosa cadea de subministración no ámbito das súas responsabilidades, para o que Reganosa facilitará e impulsará o seu coñecemento e aplicación.

A empresa e os
seus valores



O noso obxectivo é ser unha empresa de enerxía eficiente, de calidade e comprometida co medioambiente, que mellore o benestar das persoas e da contorna, ademais de fomentar o seu desenvolvemento e crecemento.

Buscamos a creación de valor para o accionista e a satisfacción dos clientes, ao mesmo tempo que a mellora do benestar das persoas. Maximizamos a protección da nosa contorna implantando os últimos avances tecnolóxicos en materia de seguridade e medio ambiente coa finalidade de reducir ao máximo o impacto sobre o medio, en especial todo o relacionado co cambio climático.

Os valores aquí recolleitos constitúen unha referencia e guía para o comportamento da dirección e os traballadores de Reganosa, á vez que son un reflexo da conduta leal e de boa fe coa que desenvolvemos todas as nosas operacións e responsabilidades.

- **Integridade**, entendida como unha actitude xusta, fiable e equitativa, nas decisións da compañía que se desenvolverá nun marco de rigoroso cumprimento da lexislación vixente e atendendo ás mellores prácticas do sector.

- **Honestidade** en todas as actuacións dos empregados, cumprindo as leis, regulamentos internos e este Código, máis aló das responsabilidades operativas que se lles conferiron. Todos os empregados deben garantir que non xurda ningún conflito de interese, real ou percibido, entre as súas obrigacións laborais e calquera interese alleo ao seu desempeño profesional.

- **Transparencia** no desenvolvemento e exercicio dos compromisos adquiridos con cada grupo de interese.

- **Respeto** e consideración aos dereitos das persoas e dos grupos de interese de Reganosa, escoitando e atendendo as súas lexítimas demandas.

- **Esforzo** persoal e compromiso coa seguridade, a innovación, a mellora continua e a eficiencia nos nosos procesos, buscando resultados da máxima calidade a través da implantación das mellores prácticas operativas e ambientais, apoiando os nosos procesos coas tecnoloxías máis avanzadas e acreditándoo.

- **Compromiso** co proxecto empresarial, traballando en equipo e buscando solucións que melloren a labor de Reganosa e sexan beneficiosas para o conxunto da sociedade e a contorna.

- **Arraigamento** local con proxección global. Reganosa é unha compañía enraizada na súa contorna polos seus accionistas e pola súa condición de estratéxica para Galicia, á que achega servizo, benestar e riqueza. Pero opera nun mercado global coas vantaxes que lle dan a súa localización, a súa solvencia financeira e o seu coñecemento, que está en disposición de achegar alí onde se requiera para beneficiar a os seus clientes e ao conxunto da sociedade.

Principios e normas de comportamento

Dámoslle importancia ao noso Código:

- Creando un Comité de Ética para salvagardar o cumprimento e a difusión de todos os principios.
- Adquirimos unha responsabilidade persoal e corporativa:
- Cumprimos rigorosamente con todas as obrigas legais laborais, tributarias, ambientais e de carácter económico para o que adoptamos as medidas precisas que aseguren o seu efectivo cumprimento.
- Medimos, seguimos e respectamos todo o expresado no Código.
- Difundímolos entre os nosos grupos de interese.

No noso lugar de traballo

A seguridade é o primeiro. Operamos de forma segura, fiable e responsable, e os nosos traballadores comprométese co desempeño dunhas prácticas seguras.

Traballamos en equipo e escollemos aos mellores colaboradores para logralo.

Respectamos os dereitos humanos, rexeitamos calquera tipo de discriminación, acoso e malos tratos.

Protexemos a confidencialidade da información da compañía e a privacidade das persoas, e usamos os sistemas informáticos de forma responsable.

Protexemos os nosos activos e usámoslos con responsabilidade

Compromiso coa nosa contorna e comunidade

Operamos de forma segura e transmitindo confianza.

Protexemos o medio ambiente.

Colaboramos no desenvolvemento socioeconómico da comunidade.

Cumprimos coas nosas obrigas económicas.

Conducimos as nosas operacións con ética.

Ante os nosos contratistas

Cumprimos os nosos estándares éticos.

Promovemos o seu cumprimento entre os contratistas.

Ante os nosos clientes

Cumprimos cos nosos estándares éticos.

Damos a coñecer o noso Código.

Ante os nosos accionistas

Reportamos información de forma transparente.

Obrigámonos a cumprir coa legalidade vixente.

Preservamos a reputación da compañía.

Dámoslle importancia a o noso Código:

Creando un Comité de Ética para salvagardar o cumprimento e a difusión de todos os principios.

Integrando na estrutura a Función de a Responsabilidade Social Corporativa de Reganosa e do Comité de Ética que garantirán a prevención dos posibles incumprimentos deste Código.

Promovendo o coñecemento do Código, e asesorando na súa interpretación e aplicación.

Supervisando o seu cumprimento coa colaboración dos directores de área.

Ofrecendo apoio aos traballadores, garantindo a confidencialidade ante posibles denuncias e axudándolles a resolver eventuais dilemas no cumprimento do Código.

Levando a cabo investigacións independentes sobre cuestións de ética e cumprimento das normas cando cumpra. Ademais garantiremos sempre que as investigacións se axustan á legalidade.

Dando resposta á demanda de información que se expoña sobre o Código e realizando aqueles informes e avaliacións que sexan requiridos

Pondo por parte de Reganosa os medios adecuados para facilitar a aplicación e o cumprimento deste Código, establecendo sistemas de avaliación e as sancións das condutas reprobables, de modo que en todo momento estea protexido o traballador que denuncie un potencial incumprimento.

Adquirimos unha responsabilidade:

Cumprimos rigorosamente con todas obrigas legais, laborais, tributarias, ambientais e de carácter económico e adoptamos as medidas que sexan precisas para asegurar a súa efectiva observancia.

Seguimos e respectamos todo o expresado no Código.

Damos exemplo e difundimos entre os empregados e grupos de interese os valores que defende o Código, comunicando as nosas inquietudes sobre calquera situación que poida infrinxilo.

*Principios e normas
de comportamento no
nosso lugar
de trabalho*

“Respectamos os dereitos humanos e rexeitamos todo tipo de discriminación, acoso e malos tratos.

Traballamos en equipo e escollemos aos mellores colaboradores para logralo.”

A seguridade é o primeiro

O compromiso da compañía en materia de seguridade e protección da contorna e das persoas é asumido ao máis alto nivel directivo.

A nosa Política de Seguridade, Saúde, Medio Ambiente e Calidade é a canle operativa para a xestión deste principio clave polo cal Reganosa medirá e actuará sobre os parámetros esenciais para minimizar e previr calquera incidente industrial ou laboral.

A seguridade é a prioridade de todas as operacións que realizamos, co que protexemos as persoas e o medio ambiente. O rigor na execución dos procedementos, a implantación das tecnoloxías adecuadas e a formación permítenos desenvolver as operacións coa máxima seguridade conforme aos estándares internacionais

A seguridade é responsabilidade de todos. Os traballadores de Reganosa deben actuar como garantes de que todas as operacións e tarefas se realizan coa máxima seguridade e cumprindo todos os procedementos e estándares establecidos.

Ningún traballador de Reganosa nin persoal externo baixo a súa responsabilidade poderá introducir nas instalacións da compañía alcol, substancias prohibidas, armas nin persoal nou autorizado.

É obriga dos traballadores notificar calquera comportamento anómalo ou deficiencia observada a través dos superiores xerárquicos.

Respectamos os dereitos humanos

Velarase polo efectivo cumprimento dos dereitos humanos.

Reganosa subscribe todos os principios do Pacto Mundial de Nacións Unidas, asumindo cada unha das obrigacións derivadas diso.

Os empregados non serán discriminados por motivo de sexo, raza, relixión, conviccións, orientación sexual ou discapacidade. Tamén rexerá este principio na selección, contratación e carreira profesional dos traballadores, así como en salarios e prestacións. A promoción profesional basearase nos principios de mérito, capacidade e mellor desempeño de funcións.

Respectarase a diversidade dos traballadores e non se tolerará discriminación ilegal ningunha

Non se incorrerá baixo ningunha circunstancia en condutas de acoso sexual, abuso de autoridade, ofensa, difamación ou outro tipo de accións que deriven en situacións intimidatorias ou que cren un ambiente hostil.

Estas políticas serán aplicables nas relacións internacionais da compañía, particularmente no ámbito do tráfico marítimo na nosa Terminal.

Dentro da contorna de influencia, Reganosa promoverá a observancia dos Dereitos Humanos e dos demais principios deste Código.

Traballamos en equipo e protexemos a privacidade

Reganosa aposta pola mellora continua a través da creación de grupos de traballo multidepartamentais, e os traballadores teñen un papel fundamental na creación dun ambiente laboral que fomenta a consecución dos devanditos obxectivos, promovendo os valores de transparencia e respecto como alicerce para a obtención do éxito.

O proceso de elección de colaboradores para o desenvolvemento dos proxectos debe ser coidadoso e obxectivo. Reganosa fomenta a colaboración co ámbito universitario e académico como fonte de talento e achega de valor aos nosos proxectos.

Os sistemas de información son un elemento clave para facilitar a consecución dos obxectivos dentro do noso negocio e de uso estritamente profesional, e os traballadores deben seguir, en todo momento, a nosa Política de Seguridade da Información e de Utilización de Sistemas de Información.

Reganosa respecta a privacidade dos empregados, polo que usará a información persoal unicamente por razóns profesionais e de conformidade coa lexislación aplicable.

Protexemos os nosos activos e evitamos conflitos de interese

Todos os traballadores comprometémonos a protexer e utilizar de forma respectuosa os activos de Reganosa, que inclúen os equipos de proceso, as instalacións e edificios, así como os recambios e materias primas, os refugallos ou diminucións e os vehículos.

Igualmente, deben ser usados de forma responsable os activos intanxibles, como o tempo de dedicación á empresa, os sistemas de información, as patentes e os rexistros. Os traballadores comprometeranse a utilizar todo iso con fins lexítimos, e preservaranos de calquera posible dano potencial.

Todo aquel traballador con responsabilidades na elaboración de orzamentos debe seguir os procedementos establecidos, e asegurarse de que as partidas aprobadas se utilizan cos fins comprometidos pola dirección de Reganosa.

Un conflito de interese nace cando un traballador utiliza a compañía para beneficio particular, persoal, financeiro, político ou meramente social que poida danar a imaxe da compañía.

Os traballadores de Reganosa son responsables de evitar todas aquelas situacións que poidan levar a conflitos de interese entre eles e a compañía.

Non se permite, salvo permiso por escrito do Comité de Ética, relación ningunha con contratistas, clientes, usuarios, competidores nin persoal de Reganosa, a través de empresas ou afiliacións nas que o empregado participe, ostente poderes ou actúe como consultor independente.

*Princípios e normas de
comportamento coa
nosa contorna
e comunidade*

*“Protexemos o medio,
ademais de colaborar co
desenvolvemento
socioeconómico da
comunidade e cumprir coas
nosas obrigas económicas.”*

Protexemos o medio e colaboramos co desenvolvemento socioeconómico

Todos os traballadores de Reganosa comprométese a cumprir e defender a Política Ambiental de Reganosa.

Prevírase e minimizarase todo posible impacto ambiental negativo sobre a contorna, con especial énfase na preservación do medio mariño.

Para iso, atenderase e respectarase a biodiversidade, fomentárase o uso eficiente da enerxía e os recursos naturais, e medirase e actuarase sobre os parámetros clave de xestión ambiental, máis aló do estipulado no marco legal.

Comprometémonos a xestionar con transparencia as nosas relacións coa comunidade, e a informar daquelas cuestións que axuden a preservar todos os compromisos adquiridos pola compañía.

Comprometémonos co desenvolvemento socioeconómico da comunidade na que estamos presentes.

Fomentaremos o desenvolvemento de infraestruturas enerxéticas como factor estratéxico para o progreso do tecido social e empresarial da nosa contorna.

Promoveremos o uso do gas natural –en tanto que combustible fósil dispoñible e limpo- para os benestar das persoas e o avance das empresas.

Favoreceremos o desenvolvemento das compañías locais na medida en que sexa posible compartir con elas o coñecemento e a experiencia de Reganosa. Neste sentido, Reganosa comprométese a proporcionar información transparente sobre a súa actividade e impacto na súa páxina web (www.reganosa.com).

Cumprimos coas nosas obrigas económicas, conducindo as nosas operacións con ética

Reganosa declarará conforme aos requirimentos legais e fiscais os seus ingresos e gastos, con total transparencia nos criterios utilizados, auditará as súas contas e presentaraas no Rexistro Mercantil. Tamén cumprirá puntualmente con todas as súas obrigas tributarias.

Cumprirá con todas as leis que prohíben o branqueo de capitais ou o financiamento con fins ilegais ou ilexítimos.

En todo momento, os traballadores deberán asegurarse de que as relacións comerciais se fagan con fins e fondos lexítimos, e deberán controlar os sinais de advertencia como pagos a paraísos fiscais, en metálico ou non documentados.

No caso de que o traballador detecte a existencia de pagos non declarados ou de actividades de branqueo de capitais comunicaraos ao Comité de Ética.

Actuaremos de forma leal e honesta nas nosas relacións mercantís.

Nas relacións coas Administracións evitaremos calquera situación que poida implicar unha actuación deshonestas, e somos especialmente rigorosos en evitar o suborno, para o que se adoptarán as medidas precisas en prevención de calquera ilegalidade.

*Principios e normas de
comportamento ante os
nossos contratistas*

“Asegurámonos que os nosos contratistas coñezan e acepten o estipulado no Código de Contratación.”

Cumprimos e promovemos os estándares éticos

En todos os nosos procesos de relación con contratistas debemos cumprir cos estándares recollidos no Código Ético de Contratación de Reganosa.

O traballador deberá rexeitar todo tipo de agasallos e atencións que poidan ser ofrecidos por calquera contratista. Unha situación deste tipo debe ser comunicada ao superior xerárquico.

Como excepción, pódense aceptar agasallos cun valor simbólico en atención ás relacións profesionais habituais con provedores, sempre que estes non superen unha mera atención de cortesía e non inflúan nas tomas de decisións e imparcialidade de Reganosa.

Está expresamente prohibido facilitarlle a un provedor o teléfono ou o enderezo persoal.

Cando se preveña a asistencia a actos acompañados por contratistas nos que se proporcionen comidas, entretemento, aloxamento ou outras actividades que impliquen gastos económicos, estes deben ser comunicados previamente ao superior xerárquico para a súa aprobación e para tomar as medidas adecuadas.

Se o traballador detecta calquera intento por parte dun contratista de influír nas nosas decisións profesionais, debemos comunicalo de forma inmediata ao superior xerárquico.

Ao seleccionar, avaliar e homologar a un provedor débese cumprir con todo o estipulado nos procedementos de Reganosa, nos procesos de selección previa de oferentes, licitación, negociación, contratación e seguimento de provedores, fomentando que estes cumpran cos estándares de responsabilidade social.

Reganosa introducirá criterios de responsabilidade corporativa na adxudicación dos principais contratos, e comprométese a realizar un proceso de vixilancia e mellora continua na actuación responsable dos seus provedores.

Asegurarémonos de que os nosos contratistas coñezan e acepten o estipulado no Código Ético de Contratación da compañía.

*Principios e normas de
comportamento ante os
nossos clientes*

*“Cumprimos cos nosos
estándares éticos e daremos
a coñecer o noso Código aos
clientes para o seu coñecemento.”*

Cumprimos os estándares éticos

Os traballadores de Reganosa non aceptarán dos clientes agasallos ou atencións que poidan influír ou poidan ser interpretados como un intento de incidir na toma de decisións. Esta circunstancia deberá comunicarse ao superior xerárquico.

Caben as atencións ocasionais con clientes para facilitar as relacións de Reganosa, para o que será preciso comunicalo ao superior xerárquico, sempre cumprimentando os procedementos internos de aprobación. Estas atencións deberán ser sempre razoables e proporcionadas co obxectivo que se pretende.

Os traballadores facilitaranlles o Código Ético aos clientes para o seu coñecemento, e resolveranlles calquera cuestión que sobre este e actuarán sempre de acordo cos valores e normas de conduta contidas neste Código.

*Principios e normas de
comportamento ante os
nosos accionistas*

“Reportamos información de forma transparente, fiable, sólida e auditable, e obrigámonos a cumprir a lexislación vixente, preservando a reputación da compañía.”

Reportamos información de forma transparente

En Reganosa consideramos clave o mantemento dunha información transparente, fiable, sólida e auditable, trasladándoa tanto aos nosos accionistas como ao noso Consello de Administración, Comisión Executiva e Comité de Dirección.

Todos os empregados deben actuar de forma responsable á hora de obter e manter rexistros e datos sobre calquera ámbito da actividade de Reganosa. Os traballadores están obrigados a ser rigorosos á hora de reportar a información de estrito cumprimento legal, así como a requirida polos nosos cadros de mando estratéxicos e operativos.

Os libros, rexistros e contas de Reganosa deben reflectir de forma completa e precisa as transaccións da empresa, cumprindo todas as obrigacións e mellores prácticas contables, así como os requirimentos internos.

Reportarase de forma veraz, contrastable e sen opacidade toda a información, financeira ou non, que deba ser comunicada aos grupos de interese e á sociedade en xeral.

Cumprirase a lexislación vixente e respectaranse integramente os compromisos asumidos nas relacións contractuais.

Os traballadores preservarán a imaxe e reputación de Reganosa no ámbito profesional e colaborarán no control do uso responsable desta por provedores, contratistas e outras empresas ou entidades colaboradoras.

Toda manifestación e intervención pública dos traballadores deberá ser comunicada previamente ao superior xerárquico e ser respectuosa coa imaxe da compañía, evitarse todo dano ou lesión aos seus intereses e actuarase de forma leal coa misión, a visión e os valores de Reganosa

Os traballadores comprometeranse a denunciar aquelas situacións que poñan en perigo a dita reputación e que poidan implicar que este Código foi infrinxido.

A empresa obrígase a realizar un informe de seguimento aos accionistas no que se detalle a evolución da implantación do modelo de Responsabilidade Social Corporativa, así como todas as súas iniciativas neste campo, conforme aos estándares internacionais máis esixentes.

Así mesmo, os traballadores de Reganosa respectarán as obrigas e compromisos da compañía, e absteranse de realizar ou colaborar en accións que, aínda sendo legais, poidan comprometer o principio de legalidade ou danar a súa reputación e a da compañía.

Todos os traballadores deberán actuar de forma leal coa compañía respectando a confidencialidade da información de que dispoñan no seu ámbito profesional e atendendo ás súas responsabilidades. Non se deberá transferir información ningunha sobre condicións comerciais salvo naquelas nas que a empresa estea obrigada.

